

# Ela, piedade dos suicidas (Galician Edition)

Obra gañadora do XI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade adultos) 2014.

Segundo o xurado, 'Ela, piedade dos suicidas' é unha nova visita ao vello mito grego de Orfeo e Eurídice que se fixera xa texto dramático na perda traxedia de Esquilo e que continuou reescribíndose de xeito incesante dando lugar a creacións moi variadas ao longo de máis de dous milenios. Este actual Orpheeo é máis poeta que bardo; a súa arte lírica é sortilexio e salvoconduto para obter o privilexio de saír do furado negro infernal. A vontade transgresora da peza move os marcos do gusto hoxe dominantes cunha orixinal mestizaxe de xéneros, pois presenta unha proposta en verso libre que imprime alento de eternidade a unha escena de marcado carácter obxectual, cohabitada por sombras, pantallas, máscaras e, quizais, mómaros.

O autor materializa aquel vello soño de Rafael Dieste de atopar o sublime estilo oral das estatuas, recuperando a paradoxal estratexia das derradeiras montaxes do Teatro Antroido, onde unha opulenta disposición de aparellos se batía contra o desposuimento reinante no contorno. A achega, asemade, logra transmitir unha percepción coherente e anovada do mundo, sen abandonar as estruturas definidoras do mito. Somete á nosa consideración cal dos dous ámbitos é máis infernal: o do alén ou o dunha “vida” que aniquilou a Eurídice por sobredose de heroína na cámara nupcial. Nesas, só os adxectivos son quen a redimirnos. E grazas.

Contén esta peza as claves dun proxecto escénico moi ambicioso conseguido mediante o recurso aos obxectos, o que o fai viable nestes tempos de recortes económicos e, xa que logo, de elencos retraídos.

A calidade lírica das falas dos personaxes é altísima e dá moita profundidade a unhas figuras dramáticas deseñadas cunha técnica moi rendible e pouco vista hoxe.

Reivindica a potencialidade enriquecedora da palabra en escena de modo que o texto se dá a valer coa dignidade propia do que non é un simple pretexto ou produto subordinado.

Ela, piedade dos suicidas (Galician Edition) por Xavier Lama López fue vendido por £3.21 cada copia. El libro publicado por Baia edicions. Contiene 61 el número de páginas.. Regístrese ahora para tener acceso a miles de libros disponibles para su descarga gratuita. El registro fue libre.



- Título del libro : Ela, piedade dos suicidas (Galician Edition)
- Fecha de lanzamiento: November 21, 2017
- Número de páginas: 61 páginas
- Autor: Xavier Lama López
- Editor: Baia edicions

Debido a un problema de derechos de autor, debes leer Ela, piedade dos suicidas (Galician Edition) en línea. Puedes leer Ela, piedade dos suicidas (Galician Edition) en línea usando el botón a continuación.

[LEER ON-LINE](#)

